

# O saco das novas



# CEIP PINEIROS



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

## "MIL ANIMAIS PODES SER"

Dende o ciclo de Infantil, recibiron a visita de Ana Meilán, escritora de contos infantís que nos veu contar "*Bágoas debaixo da cama*", unha das súas obras.




Unha vez rematada a visita, os nenos e nenas de 4º de educación infantil leeron o conto "*Mil animais podes ser*", outra das obras desta escritora e decidiron facer unha representación do mesmo.

### Como o fixeron?

Nun primeiro momento elixiron os personaxes, cada quen adoptou un papel diferente e fóronse caracterizando para elo con uns disfraces e unhas máscaras.

Para interiorizar o papel que cada un tiña, ademais fixeron uns carteis co noso nome o personaxe que ían representar. Os cales aproveitaron para elaborar unha presentación para proxectar o día da representación.






A N T O A	B O   B O R E T A
o \ pupa	M A M A
E N T O	C O L O D R I L O
T A U P	C A R A O L
A N G E L A	B U F O
B R A N D O N	E I R U G O
V I O R E L	C A D E L I Ñ O
S A B E L A	M O N O

Despois de moito ensaiar, decidiron facer a representación no concurso intercentros que o concello de Narón organiza e participar no mesmo levando o noso conto dramatizado e actuando para todos os demais nenos e nenos doutros coles do pobo.

Cando chegamos ao pazo...estabamos un pouco nerviosooooos!



Pero unha vez nos subimos ao escenario todo saíu á perfección.



## O NOSO HORTO

Chegou a primavera e os nenos e nenas de 3 anos puxéronse mans á obra co horteiro que temos na parte traseira do centro.

Entre todos foron removendo a terra, sacando herbas e facendo sucos para logo facer as plantacións.

O primeiro que plantaron foron unha coles. Fixeron o burato coas pas e os rastrillos e logo botáronlles terra. Regáronas para que medren axiña.



Logo disto, na aula fixeron o seu propio sementeiro. Trouxeron **allos** e cada un meteu a súa cabeza de allo nunha botella con auga, deixáronos uns días e foron observando os cambios que se produciron neles.



Primeiro saíronlles as raíces, logo os fillos... e unha vez creceron o suficiente saíron ao horteiro a plantalos.



Tamén fixeron o sementeiro de **fabas**, cada un plantou a súa faba nun vaso con algodón.



Regáronas ben e deixaron que pasaran os días e puideron ver o avance das mesmas. De súpeto saíron as raíces, o talo e tamén as follas.



Finalmente, chegou o momento de plantalas no horteiro.





## E o invernadoiro? Que uso fixeron del?

Aproveitando que temos un invernadoiro, compraron moitas sementes diferentes e cada día acudiron a el para plantalas.

Un día plantaron leituga, cenoria, cabaza, calabacín, cabaza cacahuete.



Outro día sementaron tomates e tamén coles de bruselas, espinacas, coliflor e pemento vermello.

Foron botarlles auga diariamente e esperaron a que creceran para logo plantalos tamén no horteiro.





Ademais como tiñan moitas cabazas, cada neno e nena levaron dúas para a casa e regaláronlles aos nenos e nenas de 4 anos unha cabaza para as súas casas.

Tamén plantamos **patacas**, observamos como están, as formas de cada unha, como temos que facerlles para plantalas e dirixímonos ao horto a facerlles un oco e deixalas crecer.




E aos poucos días as primeiras patacas comezaron a asomar a cabeciña.



Imos ver que pasa con este horto... Poderán comer os alimentos que plantaron?


# DÍA DA FAMILIA

15 de maio de 2022





# 5º ED INFANTIL









# ESTACIONES DE APRENDIZAJE









# ESTACIONES DE APRENDIZAXE NA AULA DE 5º DE INFANTIL

Neste curso creamos diferentes recantos de xogo e aprendizaxe que permitan a estimulación de distintos aspectos: matemáticas, artísticas, escritura creativa, etc, Damos así valor ao xogo en todo o proceso, permitindo o desenvolvemento da dimensión emocional, corporal e racional.

As estacions de aprendizaxe defínense como un lugar no que o alumnado traballa acompañado, usando mareirais específicos da área para explorar e expandir as súas capacidades.

# APRENDEMOS XOGANDO E COLABORANDO





# 5 ANOS XOGA COS NOMES




EU SON GAEL  
EGÚSTAME O PASTEL




EU SON LOLA













## PRIMEIRO CURSO EN FOTOS!

Este ano empezamos a Educación Primaria con moitas ganas. O primeiro día de cole eramos dezaoto e estabamos moi ilusionados con todo o que iamos aprender...





Tivemos sorte e en outubro e en abril volveron á nosa clase un neno e unha nena que xa estiveran con nós antes, Jordi Junior e Zoe...



A nosa primeira saída foi ao Muíño de Pedroso...



O tempo pasou rápido e chegou o Samaín...



O Nadal...



Celebramos o Día de Rosalía repartindo carteis polas rúas...



E volvemos a disfrazarnos cando chegou o Entroido...

Pasámolo moi ben con dous autores que viñeron a visitarnos, Ana Meilán e Benxamín Míguez Novoa...



Cando chegou a primavera fixemos un Maio...



Este ano tamén, por cousas da pandemia, vimos dous festivais de Correlingua, o primeiro vía streaming e o segundo, afortunadamente xa, presencial...



E para finalizar, dicir tamén que, ademais de aprender un montón de cousas, xogamos e bailamos un montón...



Moi bo verán para todos!

1º curso de Educación Primaria



## ENTREVISTA A PEDRO

*“Na clase de 2º de Primaria vimos o que era unha entrevista e que mellor forma de traballala que facendo unha; tiñamos que elixir un personaxe importante de Narón ao que facerlla e por maioría absoluta saíu elixido o noso policía Pedro. Seguro que tod@s o coñecedes, pero contounos moitas cousas interesantes que queremos compartir con vós”:*



**- Cantos anos tes?**

- Son bastante maior, teño 61 anos, aínda que a miña nai di que teño 40. Sei que 61 anos son moitos, pero aínda me atopo novo.

**- Onde vives, Pedro?**

- Eu vivo aquí ao lado, son veciño voso, xusto no edificio que está na esquina da praza, un pouco antes da perruquería, no 1º.

**- Cal é a túa comida preferida?**

- Guau... Éque me gusta comer moito san, encántame o peixe, pero hai unha que me gusta moitísimo que é o arroz e despois, son moi larpeiro... Encántame moito o doce e a miña filla tráeme unha bolsiña de gominolas e comemos un montón delas, ademais de pasteis, tortas... Adoito facer tortas na casa coa miña filla e nolas comemos, pero sen dúbida o que máis me gusta é o arroz con marisco.

**- Gústanche os animais? Tes mascota?**

- Apaixónanme, todo tipo de animais. A miña filla sempre pedía en que lle mercáramos un hámster ou outro animal e ao final saíuse coa súa. Consegui que adoptáramos un can negro pequeno pero que ten moi mala uva, enfádase por todo; pero antes tivemos peixes, un hámster, unha cobaia... á miña familia encántanlle os animais, e mirade se lles encanta que todos eses gatos que vedes no patio a miña filla máis a miña muller lles dan de comer, hai uns 13 gatos... Hai veciños que os queren



levar para a casa e a miña filla cólleos pequenos e lévanos. Non queredes ningún gato, non?

**- Tes algunha alerxia?**

- Non, tiven sorte de non ter ningunha, pero tampouco fixen as probas para saber se as tiña. A miña filla por exemplo é alérxica e o meu fillo igual: ácaros, polvo...

**- Que fas no teu tempo libre?**

- A parte de traballar adoito levar traballo para a casa porque me gusta, pero gústame moitísimo ler, teño moitísimos libros; agora estou aprendendo inglés, entón leo en inglés. Tamén fago deporte, teño unha elíptica e polas tardes fago un pouco, pero o que máis sen dúbida é ler, eu recoméndovolo. Teño máis de 500 libros.

**- Gústache máis o libro de papel ou o e-book?**

- Gústame máis o de papel, ter o libro na man e pasalas follas; o outro quixo regalarmo a miña filla, pero non son capaz, ten as letras máis pequenas, non me gusta.

**- Hai algo que che dea medo?**

- Isto é unha primicia, a min dáme medo xubilarme, non quero facelo de momento e vou a seguir de policía. Aínda que lea e faga deporte, encántame estar en activo falando, organizando actividades, charlando coa xente explicándolle o que facemos en Narón... entón creo que o medo é ese. Quizais tamén preocupado porque a miña filla tivo unha enfermidade grave, tivo cancro, tiña 17 anos, tiñamos medo ao principio pero saíu todo ben, entón medo, medo, a xubilarme... Que vou a facer todo o día na casa?

**- Practicas algún deporte?**

- Fago deporte na elíptica, vou a pilates, andaba en bicicleta, todas as mañás vou e veño ao traballo andando, son uns 20 minutos. Toda a vida fixen deporte, xoguei ao fútbol moitos anos e toda a miña vida estiven relacionado co deporte, de feito o meu fillo xogou no Celta de Vigo de porteiro e a miña filla ao baloncesto.





**- Por que quixeches ser policía?**

- Ben, isto si que é unha historia rara. Eu antes de ser policía era xefe nun taller que arraxaba ordenadores, fotocopiadoras... todo o electrónico; gustábame o meu traballo pero un día veu a miña muller e díxome que había prazas de policía en Narón e preguntoume por que non me presentaba. Ía a gañar máis cartos, ter máis tempo libre para facer actividades e dixen que ía a estudar para presentarme; eu estaba casado, tiña un fillo, traballaba e estudaba pola noite durante 2 anos, foron os

exames e tiven a gran sorte de que aprobei e aquí estou.

**- Gústache selo?**

- Siii, encántame selo, eu tiven a gran sorte de pasar por todos os departamentos da policía: en tráfico (os que poñen multas), despois en atestados (son os que van aos accidentes ou cando hai un incendio), estiven nos motoristas e agora dende hai 15 anos máis ou menos estou en Educación Viaria. Intento facelo o mellor posible alí onde estea e gústame moito... Por iso non me quero xubilar!

**- Que hai que estudar?**

- Antes precisábase ter Formación Profesional pero agora son máis esixentes. Nós subimos de nivel e cobramos un pouco máis, por iso tes que ter Bacharelato, pasar unhas probas físicas e test. Despois de aprobar pasas 6 meses nunha academia en Santiago na que vives de luns a venres. Recomendovos ás rapazas que vos animedes porque en Narón non hai moitas mulleres policía en Narón só hai 2, ademais de que vai a haber moitas prazas porque se vai a xubilar moita xente, de aquí a 5 anos non vai a quedar nin metade da plantilla porque todos van tendo unha idade para facelo; xa podemos aos 60 porque é unha profesión de risco. A lei di que ten que haber un policía por 1.000 habitantes, en Narón somos 40.000 habitantes e somos 36 policías.

**- Que responsabilidade tedes?**

- Temos moitísima responsabilidade, dádevos conta de que cando nos chaman temos que chegar alí e intentar solucionalo; se nos equivocamos poden denunciarnos. Por exemplo, se nos chaman dun accidente de tráfico e poñemos o atestado por escrito mal, un xuíz pode chamarnos a

atención ou aprazalo xuízo.

Cando nos chaman imos sen saber moi ben ante o que nos atopamos, nos din que hai unha pelexa nun lugar pero non sabemos cantas persoas implicadas hai nin se hai armas, etc.

### - Cantos anos levas na profesión?



- Levo 31 anos de policía. Vivín moitas aventuras, moitas alegrías pero tamén desgrazas ou cousas malas e tes que estar preparado porque cando vas para a casa os

problemas lévalos para a casa, téño pasado moi mal co que teño atopado na calle, como ir a un accidente con falecidos, atoparte con xente maior ou animais abandonados...

Despois tamén me teño divertido moito coma nun accidente de tráfico no que nos chamaron no que envorcara unha furgoneta, chegamos alí e estaba envorcada; ao condutor xa o coñecíamos e cando abrímla furgoneta atopámonos un cacho de vía do tren que debía de pesar non sei cantos miles de quilos. Resulta que ese rapaz meteu esa viga dentro da DKV antiga e amarrou unha corda colgando no medio, unha parte da viga ía fixa pero a outra movíase e ao dalas curvas facía péndulo e na primeira curva fóiselle e envorcou o coche.

### - É cansado ser policía?

- Os que traballan 24 horas si, despois descansan 4 días. Cando traballas o fin de semana chámante moito e é moi cansado, fas un traballo moi exhaustivo.

### - Cantos días traballas á semana?

- A policía vai por quendas: o que son oficinas e educación viaria traballamos de mañá de luns a venres sobre 7 horas e media, depende; os de 24 horas traballan un día enteiro de 7:30 da mañá ata as 7:30 da mañá do día seguinte e despois descansan 4 días; medio ambiente e tráfico traballan de mañá pero os venres e sábado reforzan o servizo de policía de noite e descansan tamén uns días para que haxa como mínimo 2 coches na calle acompañando a os de 24 horas, porque imaxinádevos que se hai un accidente de tráfico a patrulla xa ten que irse para a oficina e facer



todo o papeleo que lles leva mogollón de tempo e non quedaría ninguén libre.



**- Eres o mellor policía do ano?**

- Non, de que saiba eu non o son, intento ser un bo profesional, un bo policía, aínda que si é verdade que me deron a nivel nacional un premio antes da pandemia, unha medalla de ouro de educación viaria; fun a recollela e a medalla non era de ouro, tiña algo dourado e é un recoñecemento ao traballo en Narón. Teño sorte de que gañamos moitos premios ao equipo, pero hai un premio especial que nos gusta e isto non se paga con nada e é que tódalas mañás nos saudedes, eu prefiro iso e non un premio... Ao final é co que te quedas; o recoñecemento mellor é que fagades o que nós vos intentamos ensinar: ser unhas boas persoas, conscientes co medio ambiente, empregar menos o coche... Estivemos non fai moito no país de Gales e coñecemos a nenos e nenas de Finlandia e Noruega e outros países cunha forma de pensar moi distinta, chamounos a atención que non querían ter coche, non era a súa ilusión, increíble, non o ven como unha prioridade, prefiren a bicicleta para desprazarse.

**- Algunha vez estiveches en perigo?**

- Perigo de armas grazas a Deus non, pero moitas veces cando te chaman por un accidente ou outra cousa grave si. En algunha ocasión un compañeiro meu rematou no hospital. Unha vez había unha pelexa enorme e pegáronme dúas navalladas, detivémolo, levámolo para o hospital...menos mal que era inverno e como levaba moita roupa só me cortou a cazadora.

## - Tiveches algunha aventura como policía?



- Tiven un montón delas, de chorar, de rir... de todo. Unha vez chamáronnos no polígono que había un montón de ovellas pola estrada e un cabalo, pero andaban libres, imaxinádevos o tráfico que había; fixéronnos hasta un vídeo, imaxinádevos que tiñamos que ir detrás de cada ovella e levánda en brazos, non había onde atalas nin un cerrado, cando levabas unha ovella e ías a pola seguinte esa ovella xa se escapaba. Estivemos toda unha tarde localizando o dono e buscando un sitio onde non molestaran nin que as atropelaran. O cabalo custounos moitísimo, tiña un anaco pequeno de corda e non quería moverse. Sacáronnos fotos e saímos na prensa.



Un día chamáronnos que había unha cobra enorme, chegamos alí e a xente sinalaba dicindo que estaba alí, alí, cuns troncos enormes ao final pero nós non a víamos; era tan grande a cobra que parecía un tronco. Se ides algunha vez ao Museo de Historia Natural de Ferrol, ides a velo esqueleto dela, unha pitón enorme que estaba morta... Menos mal! O meu compañeiro mais eu tivemos que metela nun saco e lavalala para as dependencias da policía e non podiamos con ela do que pesaba, ao final veu esta xente e levárona para o centro.

Vivimos terremotos tamén, de estar no coche unha noite parados ao chegar do campamento, eran as 3 da mañá e o primeiro que pensamos é que había alguén empurrando no coche; saímos do coche cunha porra e xa nos dimos conta de que non había ninguén e fora un terremoto.

Outra vez unha cousa que nos sorprendeu moito é que antes do pazo da cultura había unhas vivendas abandonadas e era da noite, pleno inverno cun frío que nin coa calefacción dentro do coche cunha gran xeadada e vimos xente tirada no chan, baixámonos do coche, nos abrigamos e era unha familia rumana que non tiña onde durmir e durmían en plena rúa, tiñan os colchóns no chan coas sabas e durmían co brazo de fóra como se estivesen na casa. Ao final dixémoslles que se metesen nos edificios



abandonados porque a manta de enriba estaba dura, acartonada como unha pedra e axudámoslles a levalos colchóns e as cousas para dentro.

**- Cal foi a máis emocionante? E a máis fermosa?**



- A máis emocionante foi cando ao pouco de entrar en 24 horas nos chama unha nai e un pai desesperados de que a filla desaparecera, sobre as 7 da tarde. Comezamos a preguntarlle aos círculo dos amigos e amigas e o noivo se sabían algo ninguén sabía nada. Empezamos a enfiar o asunto porque estas amigas vivían en Canarias e chamamos ao aeroporto a Santiago á garda civil e efectivamente embarcara alí, non sabíamos nin

como lle permitiran facelo; roubáralle cartos aos pais. Fora a Madrid e alí a garda civil ao chamar nos di que embarcara noutro vo dirección ás Palmas de Gran Canaria e desembarcara xa. Estas amigas vivían nun concello no que nunca estiveramos e pensei que era un pobo pequeniño pero era enorme, todo para o turismo. Chamamos á policía e cruz vermella pero non sabían nada e intentamos localizalas amigas súas, non estaba con elas nese momento pero montouse un operativo e localizámola nese concello, tiñan 12 anos creo, agora terá uns 20. - **Salvaches algunha vida?**

- Directamente non pero co meu traballo creo que con futuros condutores tratamos que Narón sexa seguro, que esteades concienciados e todo iso axuda a que non haxa accidentes de tráfico.

tamén nalgunha ocasión a persoas maiores que lles deu un infarto ou algo están enfermos axudamos con grúas a que accedesen os sanitarios para asistilos.

**- Que é o máis difícil ao que te enfrontaches?**

- Pois mira, o primeiro accidente cun morto que me atopei.foi xusto aquí diante do cole. Había un furgón de Autos Paco envorcado, un coche empotrado contra outro, e outro coche cun impacto moi forte co condutor dentro e outra rapaza con el que era copiloto; entón ti non os

podes tocar ata que veñan os servizos médicos agás que o coche estea ardendo ou cun perigo inminente, entón o que máis me impactou era que eu estaba ao lado do condutor asistindo á rapaza que non levaba cincha de seguridade, e como era baixiña co impacto quedou encaixada onde levámoslos pés, como se fose plastilina e tiña as pernas rotas por tropecentos mil sitios. O condutor estaba inconsciente e mentres a atenderon morreu diante miña e quedeime mal, non durmín pola noite e tiven o corpo mal varios días.



**- Tiveches medo algunha vez?**

- Medo, medo, non, respecto si; é o teu traballo e non sabes o que vas a atoparte, pero Narón tampouco é un sitio coma nunha cidade americana.

**- Levades pistola? Usáchela algunha vez?**

- Si, pero dende non fai moito tempo. Antes íamos só cunha porra e un spray de pica pica. Na discoteca antes en Ink sempre había broncas. Entón sacábamos o spray e acabábase a pelexa, porque picaba na cara e rascábanse, canto máis se rascaban máis lles picaba e era a única maneira de parala. Fixádevos se pica que un día estaba cun compañeiro en Pedroso de vixía sentados na parte de atrás do furgón e el saca o spray e dime: eu xa o rematei e xa non me queda nada. Entón apertouno e caeu un pouco nunha mesa, unha gotiña como a cabeza dun alfinete; ben, pois non puidemos entrar no furgón ata pasadas un par de horas.

despois co tempo xa nos puxeron pistola, é moi moderna e asumes máis responsabilidades. Para poder sacala tes que estar en perigo ti ou calquera cidadán ou cidadá e... é unha pistola intelixente porque cando a colles se lle dás a disparar non funciona, dáche un tempo para pensar porque un descoido pode telo calquera. Iso si, unha vez que disparas unha vez xa podes disparar como unha metralleta.

Pero eu nunca a usei. Os meus compañeiros si, dispararon porque había cans e tiveron que asustalos, non feriron a ningún. Despois tiveron que cubrir un parte e xustificalo uso, sempre temos que estar xustificando o que facemos.




**- Arrestaches a algún neno ou nena?**

- Pois si, a nenos e nenas pero non se poden levar a comisarías porque son menores de idade. Unha vez chámannos dun supermercado que un neno roubara unha botella de licor e collémolo, non o esposamos, metémolo no coche de policía e levámolo á casa dos pais. Pensamos que ían a poñelo grito no ceo pero dixeron que eran cousas de nenos e á media hora xa estaba xogando pola calle.

Outra vez un neno e unha nena estaban roubando nunha librería pero eses cando os levaron onde os pais castigáronos ben castigados.

Non os podemos esposar nin levar ao cárcere pero si hai un tribunal de menores no que poden ser xulgados e ir a un sitio específico coma se fose un reformatorio, un centro de menores.



**- Cal é a túa misión favorita?**

- A miña é a educación viaria, o que fago todos os días. Gústame facelas saídas en bici con vós, os talleres, vervos vir en bici, camiñando ou patinete (síntome orgulloso).

**- Puxéchelle as esposas a alguén?**

- Si, a moitísima xente: ladróns ou agresores. Esposamos, chamamos a un coche de policía cunha mampara de metacrilato e levámoslos a unha comisaría.

**- Perseguiches a algunha ladroa?**

- Si. Hai mulleres tamén ladroas, antigamente eran máis homes que mulleres pero agora hai 50 e 50. Curiosamente recentemente lle roubaron o coche á miña filla no garaxe e foi unha muller, deixou o coche en San Mateo e alí roubou outro coche e collérona cerca de Arteixo.

**- Participaches nalgún rescate?**

- Si, en moitos, pero sobre todo animais. Nos coches solemos levar unha radiografía porque con ela é moi fácil abrir unha porta se non ten a chave pasada para rescatar a xente.

**- Puxeches moitas multas?**

- Puf! Moitas! Cando estaba en tráfico era o máis malo de todos. Era o meu traballo! Eu ao mellor poñía ao mes 3 talonarios delas, cada talonario ten 50 multas. Sobre todo por mal estacionamento. Era malo eu daquela, eh, tiña fama ademais eu diso.

**- Por que das pulseiras?**



- Cando comezamos co tema dos camiños escolares e falamos coas familias de como darlles a seguridade de que estades no cole, pois era moi doado, pasando a pulseira. Despois queriamos que fose un incentivo para que viñerades andando e ademais sumabades regalos canxeándoos os vossos pais no móvil na aplicación.

Os que non teñades pulseiras rexistrádevos en pagadas na páxina [pegadas.narón.es](http://pegadas.narón.es), dándoos de alta e vos dan as pulseiras; non pode ser que non teñades os regalos. Piñeiros, fostes o primeiro colexio en telas pulseiras, así que non pode ser que os outros coles as canxeen e vós non. Pero ollo, o que veña en coche non vale, hai que facelo bico e arrinca, vir andando ou en patinete e bici.

**- Que é o máis importante para ti na seguridade viaria?**

- Simplemente a vida. Unha vida non ten prezo, non se pode valorar con nada, entón hai que traballar para que non haxa falecidos na estrada, en España hai máis de 1500 falecidos ao ano. Traballo para que haxa 0 falecidos e concienciarvos.

**- Traballades con cans?**

- Non, iso conleva ter instalacións axeitadas e xente que se dedique especificamente.



Xa para rematar vouvos a contar unha anécdota que nos pasou de risa a un compañeiro e a min. Íamos nun furgón da policía e chamounos outro compañeiro que había varias persoas que querían agredilo; entón o meu compañeiro que ía

conducindo e eu collemos o furgón a toda velocidade con tan mala sorte



que nunha curva o extintor non levaba a argola de seguridade, golpeou e baleirouse todo o extintor dentro. Imaxinádevos de que cor era eu e con esta roupa... Branco, pero branco, branco... O furgón parecía unha postal de Nadal. Tivemos que chamar a uns compañeiros para que foran auxiliar ao outro compañeiro e nós tivemos que esperar a que se fose a fumareda, irnos ás nosas casas sobre as 12 da mañá, sacala nosa roupa, tirala ó lixo e ducharnos. O furgón houbo que limpalo fai ao mellor 20 anos pero creo que a día de hoxe algo aínda ten. Así que nolo pasamos ben a veces.

*“Moitas GRAZAS Pedro coma sempre pola túa atención e o momento tan agradable que nos dedicaches.”*



## Unha compañeira ideal

O outro día chegamos ao pabillón, e pasou por diante das nosas caras un paxaro.

Quedamos coa boca aberta, porque non contabamos con ela, voaba, debuxando unha onda.

Fixámonos nela, tiña o peito branco, unha cola gaiada, e o lombo era totalmente negro.

Decatámonos de que era unha anduriña. Levaba prisa, voaba dun lado a outro facendo xiros moi rápidos, era unha auténtica acrobata.

Estabamos coa nosa compañeira de recreo.

Decidimos chamala Negrita porque era unha femia.


Mirando para ela, observamos que tiña medo.

Tiñanos medo a nós, ou estaba alerta por algo?

Iago dixo:

-Ao mellor está protexendo as súas crias.





- Pero, ¿tú cómo sabes si tienen crías?

- Preguntó Vera.

- ¡Mirade o que hai ali!!-berrou Jairo.

- Todos miraron donde señalaba Jairo..

- Un niño!!-berrou Diego.

- Ten algo dentro, pero non sei o que é-. Dixo Adriana.

- Son crías, fíxadevos como abren a boca. Parece que están cantando- Dixo Daniela.

- Eu penso que non cantaban, creo que están pedindo comida- dixo Valeria.

- É verdade, pode ser por iso que a nai voara así dun lado a outro- dixo Eloé.

- Teño unha idea; podíamos xuntar insectos, moscas, mosquitos.

- dixo Ana.

- A min non me gusta que lle den bichos, porque os bichos teñen vida- dixo Mateo.

- Pero necesitan comer insectos, porque non comen outra cousa- dixo Michael.

Manuel di que teñen que comer bichos porque forman parte do súa cadea alimentaria.

- Julia di:

- Mellor saímos a fora porque a estamos asustando con tanto barullo e vemos que pasa.





Saimos para fora e esperamos  
caladinos a ver que pasaba.

-Mirade, está saíndo!!- susurrou Kevin.

Ari di:

-Fixadevos, está feliz!! Debuxa corazóns no aire!!  
Negrita voaba ao noso arrededor, cantaba

feliz, logo vimos como desaparecía.

Quedamos esperando, moi intrigados.

-No pico leva comida para os peques- dixo Gael F cando  
a veu aparecer.

-Por que non nos acercamos a ver que pasa?- dixo Nara.  
Vimos como lles daba de comer as crías. Pero...

-As crías están chiando, queren máis comida.- dixo Gael R.

-Mellor saímos.- dixo Alex.

Cada recreo, os nenos de terceiro vamos a visitar a Negrita.

Xa non se asusta, e mentras xogamos, míranos dende o  
seu niño e de vez de cando cántanos algo.

Estamos desexando que as crías saían do niño e xoguen  
con nos.

Para esta revista non temos tempo de contarvos como  
medran as crías e como empezan a voar.

A segunda parte para o ano que ven, seguro que Negrita  
e as súas crías volven ao noso pabillón.

FIN






vendo unha peli...

Este curso, cambiámonos de profe. Deixámonos a Manuel, que nos deu clase en primeiro e segundo. Estabámonos seguros que o íamos botar de menos.

Comenzámonos con mural e

Empezou a viaxe de terceira, paso a paso.



No primeiro trimestre fomos ao Muíño de Pedroso fixemos chourizo e un cestíño de mimbres.

Ameitos non lles gustou facer os chourizos porque non querían meter as mans na carne. Pero ao final foi unha boa experiencia.

Despois deixéino uns días a curar e comíno nun bocata. Que bo estaba!!!






Unha das cousas que máis non  
costou foi traballar con resquitas.

Embalando, embalando, fixemos  
unha cunca.

Votámolle cola por todo  
o lugar para que non se desfexera.

Non se pode mellor, pero vinde para gardar as cousas  
como golerinas, xeiros, gomur ...



Este ano a aula de terceiro converteuse nun  
laboratorio. Fixemos experimentos. Cada un buscamos  
na casa o que queríamos facer e despois, o vezes,  
ensinábamollos aos compañeiros.

Gustámonos compartir cos nosos compañeiros esta expe-  
riencia.

Ademais cada experimento quedaba grabado nun vídeo  
na aula virtual para velo na casa e repetir os  
experimentos dos compañeiros.





O samaim foi a festa que mais me gostou. Adornamos a porta com xiranoles de goma eva, um espantallo, varoira e gorro de bruxa.


fixemos unha cabaza de tea, recortamos corimos, rellenamos, pegamos...



Este ano por primeira vez fixemos un photocall.


Colaboramos 1º, 2º e 3º.

Gustamos facer os pulpiños con la, peixes de goma eva, sercas de goma eva...



Pasámolo moi BEN!!!






Durante o curso fixemos papiroflexia: cans, gatos, porcos, e o día da paz fixemos un mural colorido da paz. E como non! , puxémoslle pombiñas da paz feitas de papiroflexia.



No terceiro trimestre, visitounos Juan Domingo de Deus Fonticoba, alcalde de Mugardose pai de nosa compañeira Diega. Fixémoslle todo tipo de preguntas relacionadas coa alcaldía. Antes na

clase traballamos como se fan as eleccións municipais e fixemos votacións, con urnas e todo!!




Visitounos tamen María Conesa. É encantadora Primeiro, lémolle o seu libro:

"As pombas de Bastión"

Lle ensinamos as

ilustracións que fixemos do seu libro e os traballos. Despois asinounos os nosos libros.





Pedro Chosco é meu amigo  
que me ven a visitar.  
Cando Pedro Chosco vén  
horas son de me detar.

Mural Intercentros.


No cole o profesor de EF esconde  
os ovos pola patio e o pasamos  
moi ben.

En plástico, buscamos tradicións  
de distintos países.


Gustámonos o que fan en Alemaña:  
ociar os ovos, decoralos e

colgalos nunha árbore fora.

Ficémoslo máis sinxelo  
para quedar ben.








Este ano foi un pouco diferente, fixemos moitas actividades,

algunhas foron moi divertidas, decoramos portas, tivemos que coser, por certo nos pinchamos moitas


veces, pero a que quedou chula a árbore?

Co antroído disfrutamos moito.



Acordámonos de papá e mamá, pero non toda foi tan divertida.

costamos moito ter que estudar cada día e facer exames. O curso está a rematar e xa podemos descansar!!







# EDUCACIÓN VIAL



4º PRIMARIA

## SEMANA DA MOBILIDADE



## SAÍDAS CAMIÑANDO



# OBRADOIRO PREVENCIÓN DE INCENDIOS






# TANQUE DE TORMENTAS





# OBRADOIRO PRIMEIROS AUXILIOS



# OBRADOIRO DETREZAS






Hola, somos a clase de 5º. Imos presentar algúns traballos que fixemos ao longo de todo o curso.

Estos contos fixémoslos para o concurso de Intercentros, no que participamos todos os anos. Aquí podedes ler algúns títulos que escribiron dúas compañeiras da nosa clase: “Un paseo polo bosque” e “Un problema que resolver”.

Tamén celebramos o día de Rosalía de Castro cunha actividade na que participou todo o centro: repartimos carteis con poemas de Rosalía de Castro polos negocios da zona para facer chegar a obra desta autora a todo o mundo!

Por último, queremos compartir con todos e todas unha cousa máis; estamos a participar no proxecto Lóva, a través do cal a clase convértese nunha compañía de ópera. Xa somos a Compañía de Ópera Yunadachis!! Este é o noso logo:



Teredes que esperar ao próximo curso para saber máis!! Bicos!

# UN PASEO POLO BOSQUE

Un día nubrado, dous nenos saíron a xogar. Sua irma Emily, díxolles aos nenos que non fosen ao bosque, e que teñan moito coidado. Cando os nenos foron xogar atoparon algo que chamaba moito a atención, os nenos foron ver esa luz que era tan brillante. Cando chegaron non había nada. Evan (así se chama un dos nenos) púxose un pouco nervioso xa que percorreran moito camiño un longo camiño Cloe (a irmá de Evan) seguía mirando a luz non se decatara de que percorreran un longo camiño. Ela quedou li parada uns minutos, mirou para o seu irmán e dixo:  
- Agora que facemos? Emily enfadárase con nos!  
- Non sei - dixo Evan nervioso - Quizais non atopemos o camiño a casa...

Cloe quedou moi asustada, por que non sabía o que podía pasar. Despois, os nenos miraron aos lados e deronse conta de que xa non estaba aquela luz tan brillante. Os nenos non sabían que facer. Cando estaban camiñando, nun dos arbustos escoitouse un ruído. Cloe foi a primeira que se decatou de aquel ruído tan misterioso. Cloe acercouse a aquel arbusto e viu que había un mapa onde o destino era aquela luz brillante.





Seguiron todos os pasos, cando de súpeto un lobo hambriente, achegouse pouco a pouco aos nenos. Os nenos sairon correndo e asustados. De pronto apareceu outra vez aquela luz tan brillante que os dirixiu a casa, cando veltaron xa non estaba aquel lobo tan hambriente. Entraron na casa, e contaronllo todo a Emily.





# UN PROBLEMA

## QUE RESOLVER

Xa é 24 de decembro para Clara un día moi especial. A nai de Clara díxolle que se tiña que ir á cama que era moi tarde; Clara obedeceu, tiña moitas ganas de levantarse mañá e abrir os agasallos. Cando chegou a hora de levantarse Clara foi á súa árbore de Nadal e viu que só hai un agasallo para ela.



Abriano e resultou que era un can, era negro e branco chamouno Max.

Ao pasar uns días coidar a Max era moi complicado. Pídeulle axuda ás súas amigas Lucía e Marta. Lucía díxolle



que a entendía e que se necesitaba axuda estaría ahí para todo o que quixese. Marta díxolle que era un pouco culpa súa pero que si non o quería ela o adoptaría (era unha broma). Non llo quería contar nin á súa nai nin ao seu pai porque pensaba que se engadarian con ela.

Pero ter que coidalo e participar nas súas competicións de patinaxe facíao todo máis complicado.

O seu tío e a súa tía sabían que lle costaba e queríanllo contar a todos (eran moi mabs con ela).

Cada vez complicábanse máis as cousas porque Max crecía e necesitaba máis cuidados.

Quedou coas súas amigas Lucía e Marta e, como sempre, nunha pista de patinaxe, para practicar a súa actuación e, como non... tivo que levar a Max.



Como sempre, non se estaba quieto e non podía facer nada. Cando chegou á súa casa estaba un pouco engadada porque en toda a tarde non puidera patinar. Clara pensou que así non podería gañar unha medalla, tiña que buscar unha solución. Ese día pola noite cando chegaron os seus pais

Tomou unha decisión e díxolles que coidar ela soa de Max era moi complicado. Os seus pais entenderon e ao final fixeron un acordo e era que cando Clara estivera ocupada estudando ou patinando eles encargariáanse de Max.

Así Clara tivo moito tempo para patinar e conseguiu a medalla de ouro nos campionatos galegos de patinaxe.

Fin  
Z





Um repoludo gaitero

Um repoludo gaitero  
de fano redán vertido  
como un príncipe cumprido,  
cainhos e foleagueiro,  
ante os nosos o primeiro  
e nos ritados un far  
tina costume en cantar  
aló pola mañanica:  
- con esta miña gaitiña  
ás novas hei de enganar.

Sempre pola vila entraba  
con aquel de repicío;  
sempre con foxante bío  
co tambor se acompañaba;  
e si na gaita sopraba,  
era tando se soprar,  
que ben fixera en cantar  
aló pola mañanica:  
ás novas hei de enganar

todas por el rebucaban,  
todas por el se marían  
si o tiñan cerca sonían;  
si o tiñan longe, choraban.

¡ Mal pecado! Non coidaban  
que c' aquel seu folear  
tina costume en cantar  
aló pola mañanica  
con esta miña gaitiña  
ás novas hei de enganar



Camino da romería  
debaixo dunha figueira,  
i canta meniña zolteira  
"querete" lle repetía...!  
i el co gaita respondía  
por adotar emborcar  
fos ben fixera encadar  
aló pola mananeciña:  
con esta miña gaitiña  
as nevas hei de gañar

Elos longuinos bailaban  
e por xunta del conían  
cegas... cegas, que non están  
as espiñas que as ceceaban  
probes palabras, luncaban  
a luz que as idea queiman  
pois que el roupa cantar  
aló pola mananeciña  
o ron da miña gaitiña  
as nevas hei de gañar.

Nos feitos i cuánto contado!  
i canta nra nos fiados!  
todos, todos, namorados  
dégulle o seu pensamento  
i el que, de amores rendido  
quixo todos enganar  
cando as veu simpós chorar,  
cantaba nas mananeciñas  
non rean elos tolinas  
non veitan ó mar tocar

Erica



Um repoludo gaiteiro  
Um repoludo gaiteiro  
de fraco redão vestido,  
como um príncipe cupido,  
cariños e falangueros,  
entra os nosos o primeiro  
e nos vestidos sin par,  
tinha costume a cantar,  
aló pola maná ancina:  
con esta miña gaitiña  
as nosas hei de enganar.

ROSALIA DE CASTRO



Enric

# Un peroludo gaiteiro

Un peroludo gaiteiro  
de pano sedón vestido,  
como un príncipe cumprido,

alinhoso e falangeiro,  
ante os mozos o primeiro  
e nas cidades sin pan,  
tiña costume en canton  
aló pola mañanciña:


-Con esta miña gaitiña  
ós nenos hei de enganar.

Sempre pola vila entababa  
con aquel de señolío;

Sempre con roxante brío  
se tamboñ se ~~acompañaba~~,  
e si na gaita sopraba,

era tan doce sopraba,  
que ben fixera en canton  
aló pola mañanciña:

-Con esta miña gaitiña  
ós nenos hei de enganar.





# Florencio Delgado Gurriarán

A Real Academia Galega elixiu a Florencio Delgado Gurriarán para adicarlle o Día das Letras Galegas 2022.



Florencio Delgado Gurriarán naceu o 27 de agosto de 1903 en Córcomo (Ourense), e faleceu o 14 de maio de 1987 con 83 anos, en Fair Oaks (Estados Unidos).

A súa obra literaria é toda ela poesía, pero non só ten importancia para as nosas letras por iso, senón que tamén foi articulista en prensa, crítico literario, coordinador editorial, lexicólogo, tradutor e corrector.

Comezou a publicar poesías en “A Nosa Terra” e no “Heraldo de Galicia”. En 1933 ingresou no Partido Galeguista e un ano máis tarde publicou na revista “Nós” a súa primeira selección titulada “Bebedeira”.

Estudou dereito na universidade de Valladolid.

Foi escritor, político e avogado.

Tras o comezo da Guerra Civil exiliouse primeiro a Portugal e Francia e tres anos máis tarde marcha a México onde exerceu diversas profesións.

Formou parte do Partido Galeguista en México, do Consello de Galicia e de Galeuzca, que foi un pacto nacionalista con representantes de Galicia, Cataluña e Euskadi.

Tras a constitución do Padroado da Cultura Galega en México, impulsou a creación da revista “Vieiros”.

Publicou varios libros: En 1963 “Galicia Infinida”, en 1981 “Cantaneras” e en 1986 publicou o seu último libro “O soño dun guieiro”.

En 1976 e 1981 volveu a Galicia para tomar posesión do seu cargo como membro da Real Academia Galega e do Instituto de Estudos Valdeorreses.

## DE VOLTA

Ían ser tan só dez anos

e botei a vida toda;  
volvo agora, xa de vello,  
o corazón e a alma choran  
ó camiñar paseniño  
polas esgrevias congostras  
en que choutaba de neno  
a carón das cepas tortas.


Sentindo como zoa o vento  
dos castiñeiros nas follas,  
e ver os ourizos cheos  
como, colgando das pólas,  
se lavan baixo a cortina  
dourada de fina choiva  
que escorrenta almas en pena,  
que espanta trasnos e cóbregas.

Sigo vagando sen rumbo  
pola tardiña calmosa,  
vou apalpando os penedos  
que estean a miña historia  
e escoito merlos e xílgaros  
a cantar no meu idioma.  
Que vizosa medra a vida  
sen cárceres nin gaiolas ...

Sen compañía e en silencio  
polas orfas corredeiras,  
pensando nas cousas miñas  
torno para casa de volta.  
Soio non!, levo comigo  
unha caterva de sombras:  
sonas lembranzas que nunca  
marchan da miña memoria.

Pandeiradas nas tabernas,  
en que pasaba eu as horas,  
cantarelas cos amigos,  
bicos de rideiras mozas.  
Cantas noites de foliada  
nas baiucas melancólicas  
onde dorme o viño fresco  
das uvas brancas e mouras.

A ti volvo, miña terra,  
cando me fallan as forzas,  
veño buscando repouso  
tras a vida enteira fóra,  
anos de rosas e espiñas,  
anos de penas e gloria.  
A ti volvo, compañeiro,  
Córgomo de Valdeorras!





## O alumnado de primeiro de primaria desfrutou construíndo “castañas caseiras”.

### Materiais:

- 2 tiras de cartón.
- Rotulador e tesoiras.
- Silicona líquida.
- 4 tapas de botellas de auga.



### Pasos:

- 1) Marcar dous círculos grandes no cartón.
- 2) Recortar a forma da castañaola.
- 3) Pegar os tapóns en cada lado do cartón.
- 4) Decorar ao gusto.



## O alumnado de segundo desfrutou construíndo “maracas caseiras”.

### Materiais:

- 2 culleres reutilizables.
- 1 envoltorio de ovo de chocolate.
- Cinta adhesiva.
- Rotulador e gomets...
- Arroz ou lentellas.

### Pasos:

- 1) Encher o ovo con arroz .
- 2) Unir con cinta os mangos das culleres.
- 3) Poñer o ovo entre as dúas culleres e atalas con cinta.
- 4) Decorar ao gusto.



O alumnado de quinto construíu estes instrumentos tan bonitos.



Os pequenos e pequenas de infantil disfrutaron e experimentaron cos instrumentos feitos polos maiores.



## NADAL

Para festexar o Nadal os alumnos e alumnas de infantil e primeiro ciclo de primaria participaron en vídeos musicais.



Podes atopalos na páxina web do centro!



# DÍA DA PAZ

O luns día 31 de xaneiro celebramos no cole o Día da Paz. A nosa maneira de celebralo foi facendo un baile con todo o alumnado no patio.



Podes atopalo na páxina web do centro













